



**NORMATIVA AUTONÓMICA
PREBASE
XIMNASIA RÍTMICA
2027**



XENERALIDADES

a.-Teñen acceso a esta competición todas aquelas ximnastas que no ano **2026** non competiron en competición autonómica ou nacional de nivel élite ou base. Exclúense de esta norma os participantes en torneos que se celebren fora de Galicia.

b.- Ningunha ximnasta por conxunto e categoría do mesmo Club inscrita na fase provincial como na final do Campionato de Prebase poderá participar nas dúas modalidades independentemente da categoría: conxunto e individual. Non poderá participar por duplicado nos conxuntos, isto é pertencer a dous conxuntos da mesma ou diferente escola/club.

c.-Na modalidade individual a inscrición non ten límite de ximnastas por Club para as fases provinciais. O pase a fase final para CONXUNTOS e INDIVIDUAL estará limitada a seguinte proporción de ximnastas por categoría e provincia:

INDIVIDUAL	1-9 ximn.: 4 primeiras clasif.	10-20 ximn.: 6 primeiras clasif.	21 e máis ximn.: 8 primeiras clasif.
CONXUNTO	1-6 conxuntos: 4 primeiros clasificados		12-16 conxuntos: 8 primeiros clasificados
	7-11 conxuntos: 6 primeiros clasificados		17 e mais conxuntos: 11 primeiros clasificados

d.-Haberá competición en dúas fases por provincia. Na 1ª e 2ª Fase obterase unha clasificación e entregaráselle medallas aos 3 primeiros clasificados por categoría. Para obter a clasificación final provincial sumaranse os puntos da 1ª e 2ª fase, non se entrega premiación. A clasificación en cada unha das fases previas da competición, asignará puntos a cada equipo/individual según número de participantes e en orden inverso por categoría, pex. para 10 participantes:

1º clasificado	10	6º clasificado	5
2º clasificado	9	7º clasificado	4
3º clasificado	8	8º clasificado	3
4º clasificado	7	9º clasificado	2
5º clasificado	6	10º clasificado	1

En caso de empate, procederase ao desempate obtendo o pase o mellor conxunto/individual clasificado na 2ª Fase.

e.- Para acceder a Fase final do Cpto. é obrigatoria a inscrición e participación na fase provincial.

f.-O número de ximnastas mínimo para o conxunto é de catro e o máximo é de oito ximnastas. Isto é, os conxuntos poderán formarse con 4, 5, 6, 7, ou 8 ximnastas.

g.-Un mesmo club non pode presentar o mesmo exercicio dúas veces, aínda que cambien as ximnastas.

h.-Permítense as músicas cantadas en individual e conxuntos. ¡¡**Nota:** os clubes que teñan previsto participar no Nacional Base deben revisar a Normativa Nacional **2027**!!

i.-As ximnastas individuais ou pertencentes os conxuntos que se clasifiquen nos últimos postos de cada categoría, en función do 30% de cada categoría, e sempre que non acadaran podium poderán optar a competir na tempada seguinte (**2028**) no Cpto. Galego de Promoción ou seguir en Prebase. *Exemplo: se hai 13 conxuntos en cat. Infantil poderán baixar a Promoción os 4 últimos postos da cat. Infantil.* Tamén poden optar a descender a Promoción en **2028** os conxuntos de Prebase **2027** que só competiron nas fases provinciais pero non na Fase Final.

j.-Permítese a participación de ata dúas ximnastas dunha categoría inmediatamente inferior nunha superior para formar conxunto. Exemplo: *ata 2 ximnastas alevíns poderían formar conxunto de categoría infantil.* ¡¡**Nota:** na normativa Nacional de Base Conxuntos esto non está permitido!!

IDADES DAS XIMNASTAS MODALIDADE CONXUNTO

- Prebenxamín: 2019, 2020
- Benxamín: 2018, 2019
- Alevín: 2016, 2017, 2018
- Infantil: 2014, 2015, 2016
- Cadete: 2012, 2013, 2014
- Xuvenil: 2012 e anteriores

IDADES DAS XIMNASTAS MODALIDADE INDIVIDUAL

- Prebenxamín: 2019
- Benxamín: 2018
- Alevín: 2016, 2017
- Infantil: 2014, 2015
- Cadete: 2012, 2013
- Xuvenil: 2011 e anteriores

DURACIÓN DAS MÚSICAS

<u>CATEGORÍA</u>	<u>INDIVIDUAL</u>	<u>CONXUNTO</u>
Prebenxamín	1,00 – 1,15"	1,45 – 2,00"
Benxamín	1,00 – 1,15"	1,45 – 2,00"
Alevín	1,10 – 1,20"	1,45 – 2,00"
Infantil	1,15 – 1,30"	1,45 – 2,00"
Cadete	1,15 – 1,30"	2,15 – 2,30"
Xuvenil	1,15 – 1,30"	2,15 – 2,30"

APARATOS

<u>CATEGORÍA</u>	<u>INDIVIDUAL</u>	<u>CONXUNTO</u>
Prebenxamín	ML	ML
Benxamín	ML	ML
Alevín		
Infantil	Ver normativa Copa Base Individual RFEG 2027	Ver normativa Nacional Base Conxuntos RFEG 2027
Cadete		
Xuvenil		

**ESIXENCIAS TÉCNICAS E APARATOS: EXERCICIOS CONXUNTO
VER NORMATIVA CPTO. NACIONAL BASE CONXUNTOS 2027 – RFEG**

**ESIXENCIAS TÉCNICAS E APARATOS: EXERCICIOS INDIVIDUAL
VER NORMATIVA COPA ESPAÑA BASE INDIVIDUAL 2027 - RFEG**

**OS CLUBES QUE TEÑAN PREVISTO LEVAR CONXUNTOS O NACIONAL BASE
REVISEN A NORMATIVA NACIONAL 2027**

Recordatorio: Aplicarase o CÓDIGO FIG respecto aos maillots e comunicación adestrador/ximnasta.

O xuíz responsable da competición poderá sancionar as medidas incorrectas dos aparellos. Cando se acredite o plaxio total ou parcial dun exercicio, o xuíz responsable da competición poderá sancionalo.